

# 10 proxección internacional e mobilidade

Nos últimos anos propiciouse, por moi diversas causas, un aumento da trascendencia das actividades que vinculan a universidade con institucións e organismos internacionais, determinando que as relacións internacionais xoguen un papel esencial. Ademais dos aspectos puramente económicos, o crecente peso das institucións europeas na educación, a eliminación progresiva de obstáculos á mobilidade dos distintos sectores da comunidade universitaria, favorecida polo desenvolvemento das novas tecnoloxías, teñen propiciado un novo espazo europeo académico e educativo, caracterizado pola súa permanente evolución.


Entre as actuacións recomendadas polos ministros dos estados membros da Unión Europea para crear e consolidar o espazo europeo de educación superior destacan, como prioritarias, a de fomentar a mobilidade de estudantes, profesores, investigadores e PAS, ademais de promocionar a cooperación europea para garantir a calidade da educación superior.

A Universidade da Coruña actúa con esforzos, tanto a nivel académico como a nivel institucional, que teñen propiciado o desenvolvemento progresivo de actividades europeas e internacionais e favoreceron os programas de intercambio académico, científico e cultural con outras universidades, e facilitando o recoñecemento dos períodos de estudos. Obviamente, os esforzos da UDC tamén se orientaron a fomentaren as relacións de cooperación con países distintos dos que forman parte da Unión Europea, formalizando proxectos de cooperación internacionais con ámbitos temáticos variados (investigación, docencia, redes temáticas e accións complementarias, entre outras), en que se busca sempre contribuír á cooperación ao desenvolvemento.


## ► Mobilidade

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) conseguiu a certificación ISO9001. Como consecuencia da autoavaliación, a ORI centralizou a xestión económica das bolsas de intercambio e dos proxectos internacionais. Os datos dos principais programas de mobilidade son os seguintes:


Cadro 107  
Programa Sócrates/Erasmus. Estudantes saíntes




Cadro 108  
Programa Sócrates/Erasmus. Estudantes entrantes



Cadro 109  
Evolución da mobilidade de profesores Erasmus saíntes




**Cadro 110**  
**Evolución da mobilidade dos profesores Erasmus recibidos**



- Canto ás convocatorias de programas da Axencia Española de Cooperación Iberoamericana (AECI), en 2006 recibíronse dous profesores ou estudantes, fronte aos oito recibidos o ano anterior.


Desde a ORI trabállase na procura de financiamento que permita reactivar a mobilidade de estudantes cara Latinoamérica, no marco dos convenios bilaterais asinados con universidades latinoamericanas, e para promover novos acordos con Estados Unidos.

**Cadro 111**  
**Estudantes internacionais enviados por convenios bilaterais**



- No marco do programa da AECI, a Universidade da Coruña recibiu estudantes latinoamericanos, a maioría para estudos de doutoramento. A xestión dos programas de intercambio dos convenios bilaterais dede a ORI favoreceu o incremento da capacidade de captación de estudantes procedentes de universidades

Cadro 112  
Estudiantes internacionais entrantes do programa MAE/AECI



Cadro 113  
Profesores desprazados a outras universidades con financiamento da Xunta

Solicitante	Centro e país de estadía	Duración da estadía
Filgueira Vizoso, Almudena	Universidad de Oviedo-España	3 mes
Taboada Castro, M <sup>a</sup> Teresa	Colegio de Postgraduados-Montecillo-México	1 mes e 15 días

Cadro 114  
Profesores visitantes con financiamento da Xunta

Centro	Profesor visitante	Universidade de procedencia	N.º de meses
Facultade de Ciencias	<b>Stoykiva Zlateva, Darena</b>	Universidade de Sofia (Bulgaria)	1 mes
Facultade de Ciencias da Educación	<b>McCarthy, Cameron</b>	Universidade de Illinois (USA)	2 meses
Facultade de Ciencias	<b>Burrows, Hugo</b>	Universidade de Coimbra (Portugal)	1 mes
Facultade de Ciencias	<b>Vieira, Sydney</b>	Instituto Agrónomo de Campinas (Brasil)	1 mes
Facultade de Ciencias	<b>Vulliet, Emmanuelle</b>	Universidade Claude Bernard Lyon1 (Francia)	1 mes
Facultade de Ciencias	<b>Maskill, Howard</b>	Universidade Newcastle upon Tyne (Inglaterra)	1 mes
Facultade de Ciencias da Educación	<b>Boncu, Stefan</b>	AL.I. Cuza University of Iasi (Rumania)	2 meses
Facultade de Ciencias	<b>Oropeza Mota, José Luis</b>	Colegio de Postgraduados (México)	2 meses

► **Centro de Linguas**

Coa creación do Centro de Linguas, a Universidade da Coruña recoñece a importancia de proporcionar á comunidade universitaria en especial, mais tamén á comunidade en xeral, unha oportunidade para mellorar os seus coñecementos de linguas estranxeiras e para aprender outras novas, sen as rixideces que impón o ensino regrado, e dando amplas oportunidades de aprendizaxe autónoma. O feito de que cerca de 1.100 persoas se matriculasen neste primeiro ano é a mellor proba da importante demanda e da boa acollida que tiveron os cursos impartidos no centro.

Durante este ano organizáronse catro series de cursos de linguas estranxeiras:

- cursos de outono (de mediados de outubro a mediados de decembro)
- cursos de inverno (de mediados de xaneiro a mediados de marzo)
- cursos de primavera (de mediados de abril a mediados de xuño)
- curso de verán (no mes de xullo).


Ofertáronse cursos regulares de cinco linguas estranxeiras: alemán, francés, inglés, italiano e portugués. Estes cursos teñen unha duración de 30 horas lectivas e permítenlle aos interesados unha gran flexibilidade na escollo de cursos. En cada serie ofrecemos novos puntos de entrada, ademais de dar continuidade aos que fixeron a serie anterior.

#### ■ Galego e español para estranxeiros


Realizáronse dúas tandas de cursos para estudantes Erasmus. A primeira fíxose en marzo de 2006 e ofertáronse cursos intensivos de español e galego de distintos niveles de 30 horas lectivas; a segunda, en setembro de 2006, data en que se impartiron cursos de español de distintos niveis.

Ademais, durante o mes de xullo de 2006, organizouse un curso de verán intensivo de lingua e cultura españolas, cunha duración de tres semanas.

Cadro 115  
Distribución do alumnado do Centro de Linguas en 2006



Cadro 116  
Alumnado do Centro de Linguas por campus en 2006



Cadro 117  
Alumnado do Centro de Linguas en 2006 por linguas estranxeiras

